

Rama de coñecemento

Ciencias

Prazas

70

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

O Grao en Ciencias do Mar ten como obxectivo formar profesionais relacionados co ámbito mariño e litoral. Proporciona unha formación multidisciplinaria en química, física, xeoloxía e bioloxía centrada no medio mariño e que lles permitirá aos graduados/as exercer en calquera ámbito da xestión mariña e litoral, como actividades pesqueiras e acuicultura, medio

ambiente e a súa protección, xestión e ordenación do litoral, turismo sostible, oceanografía operacional, explotación de novos recursos alimentarios e minerais de interese industrial, entre outras. Ademais, o Grao en Ciencias do Mar fomenta as capacidades para o ensino e unha iniciación na investigación básica.

Saídas profesionais

— Xeral: elaboración de peritaxes, informes e proxectos, xestión de actuacións e coordinación de equipos, execución de plans de mellora, implantación e desenvolvemento de programas de transferencia tecnolóxica, realización de campañas oceanográficas, asistencia e asesoramento no medio mariño, docencia, divulgación e sensibilización, manexo e aplicación de sistemas de información xeográfica (GIS), avaliación e prevención de riscos no sector marítimo, xestión de actividades de ocio e turismo, xestión de catástrofes naturais, xestión de acuarios e museos relacionados co medio mariño, consultoría e asesoramento ambiental, centros de interpretación ambiental, parques e espazos naturais protexidos.

— Oceanografía xeolóxica: desenvolvemento de estudos aplicados á enxeñaría civil como paso previo ás actuacións no medio mariño, rexeneración de praias, elaboración e execución de plans de ordenación do litoral, planificación, dirección e xestión de portos, exploración e explotación de recursos minerais mariños, elaboración de batimetrías e cartografías de fondo, prospección xeofísica do subsolo mariño, modelización de procesos xeolóxicos nos océanos, estudo do transporte de sedimento en diferentes ambientes mariños.

— Oceanografía física: aplicación oceanográfica da teledetección, meteoroloxía e climatoloxía, avaliación de vertedura e predición do seu comportamento, deseño e desenvolvemento de dispositivos para o aproveitamento enerxético mariño, aplicación de técnicas de análise de datos e teoría dos fenómenos físicos mariños, xestión e deseño de mareógrafos, boias meteorolóxicas e boias oceanográficas.

— Oceanografía biolóxica: inspección pesqueira, asesoramento en tecnoloxías de explotación, avaliación e xestión, realización de peritaxes e asistencia técnica a confrarías de pescadores/as, deseño e xestión de explotacións e plantas de acuicultura, dirección e realización de análises microbiolóxicas, patolóxicas e de sanidade animal, supervisión e dirección de lonxas, aplicación de técnicas de bioloxía molecular e xenética ao cultivo e repoboación, centros de recuperación de especies mariñas ameazadas.

— Oceanografía química: dirección e realización de ensaios en laboratorio, xestión de plantas desalgadoras, explotación de recursos químicos mariños para farmacoloxía, cosmética, sector enerxético, industria química, xestión de estacións de depuración de augas, control de calidade no sector alimentario.